

LEMBRANZA DO ESCRITOR EMILIO PITA ROBELO

Xosé Anxo García López

Universidade de Alacante

Malia o seu compromiso coa lingua e a cultura galegas o intelectual Emilio Pita Robelo non logrou o recoñecemento institucional outorgado a escritores como Eduardo Blanco-Amor, Luís Seoane ou Lorenzo Varela. Sobre este esquecemento, cómpre sinalar que, fóra dalgunhas referencias ao corpus literario deste autor espalladas por xornais e revistas ou de avaliacións aparecidas en escolmas, enciclopedias e traballos de conxunto (que, sen renunciar ao rigor analítico, polo xeral teñen os seus alicerces en criterios parciais), a contribución de Pita á nosa cultura inda non foi debidamente xulgada. Tampouco ignoramos que no descoñecemento do labor levado a cabo por Pita inflúen outros factores, como a ausencia de reedicións dos libros que este poeta coruñés publicou na Terra, dos cales a súa tiraxe se esgotou hai moitos anos. A esta circunstancia hai que engadir a inexistencia dunha monografía centrada nos aspectos biográficos deste autor, membro correspondente da Real Academia Galega. Por todo isto, coidamos que o traballo que hoxe presentamos pode contribuír a un mellor coñecemento da vida deste insigne escritor, xornalista, musicólogo e conferenciante, cuxa ampla produción forma parte do legado cultural que herdamos da Galicia exterior¹. Este artigo comportou un labor que se prolongou durante varios anos por mor da escasa entidade dos apuntamentos biográficos existentes sobre Emilio Pita. Así as cousas, visitamos arreo arquivos, bibliotecas públicas ou privadas e hemerotecas na procura de datos e textos espallados aquí e alá, consultando ducias e ducias de fontes co propósito de achegar unha visión ampla e rigorosa da experiencia vital deste intelectual.

1. INFANCIA E EMIGRACIÓN

Emilio Pita veu ao mundo o 15 de outubro de 1907 no terceiro andar do edificio co número 33 da barriada coruñesa coñecida polo nome de Campo da Leña. Pita sería o segundo fillo varón da familia, ao que seguiría unha filla que completaría a terna de descendentes². No primeiro andar dunha casa do mesmo Campo da Leña aprendeu as pri-

1 No que concerne á creación lírica de Emilio Pita, pode consultarse o noso libro *Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita*, Murcia, Xunta de Galicia / Universidade de Murcia, 2006.

2 A pesar de ser reiterado durante décadas por parte da crítica especializada o dez de outubro de 1909 como referencia máis fiable arredor da data de nacemento de Pita, algo en que nós tamén acreditamos no seu momento tras procurar sen éxito a partida correspondente ao escritor arredor dos anos 1908-1910 no Rexistro Civil da Coruña, finalmente resultou ser unha apreciación errada. Nun testemuño epistolar do propio poeta a Filgueira Valverde exhumado polo profesor Alonso Montero, Pita comenta sorprendentemente o seguinte sobre a dita cuestión: "Eu tamén nacín na Cruña, ó 10 d'Octubre de 1910" (*Os poetas galegos [1936]*. *Antoloxía consultada*, edición de Xesús Alonso Montero e Ana Acuña Trabazo, Pontevedra-Madrid, Museo de Pontevedra-SECC, 2008, p. 266). Porén, esta afirmación feita en primeira persoa tampouco é verídica, pois mercé á nosa insistencia perante o funcionariado do Rexistro citado (a quen manifestamos desde estas páxinas o noso agradecemento pola atención dispensada) finalmente foi posible localizar o documento que acredita o nacemento de Emilio Pita na data que indicamos no presente traballo.

meiras letras o noso autor, quen tivo como mestre a un brigada de oficinas militares. De acordo co exposto por un dos compañeiros de estudos de Pita, Xenaro Mariñas del Valle, o ensinante non estimulaba precisamente o amor dos seus alumnos pola Terra³. Neira Vilas especula sobre a posibilidade de que o amor ás letras lle fose inculcado ao pequeno no seo familiar⁴, extremo que semellan confirmar as amizades paternas⁵. A situación económica non debía ser folgada⁶, como demostra o feito de que os seus escollesen o camiño da emigración cando o pequeno Emilio contaba once anos⁷.

O destino dos Pita será Bos Aires, destino que simbolizaba para moitos galegos a utopía dunha terra farturenta e libre de penalidades. Segundo Víctor Luís Molinari, a súa chegada produciuse no Nadal de 1920⁸, testemuño que semella o máis fiable, malia que outras fontes subliñen que foi en 1919⁹ cando aportou a Bos Aires, sen que falten informacións que sitúen a súa chegada á Arxentina en 1921¹⁰. Na capital do Prata formaríase o mozo herculino en economía e técnicas comerciais ao tempo que se interesaba polo estudos musicais, tanto na perspectiva clásica coma na dimensión do acervo tradicional galego, pois bebeu das fontes do cancionero popular dos nosos devanceiros¹¹. O mozo conxugaría estas actividades co cultivo das letras, práctica que, andando o tempo, lle reportaría fondas satisfaccións¹². Con todo, foxe no posible do estereotipo do creador encerrado na torre de marfil¹³.

Consideramos fondamente relevante na biografía de Pita que levase a cabo a súa etapa formativa polo que fai ao desenvolvemento intelectual no Bos Aires daquel entón, porque tal feito supúxolle ao escritor coruñés a posibilidade de fecundas amizades e relacións. Anos decisivos e circunstancias enriquecedoras que, sen dúbida, un mozo de tan fina sensibilidade e aguda intelixencia como Pita soubo aproveitar. A personalidade cor-

3 Rabunhal, Henrique, *Jenaro Mariñas del Valle, a vida escrita*, Santiago de Compostela, Laivento, 2000, p. 53.

4 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración III*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1996, p. 117.

5 Nunha carta dirixida a Fernández del Riego e datada o vinte de xullo de 1949, Pita comenta o seguinte: "Lef en *Cuadernos [de Estudios Gallegos]* que se publicou un libro con los trabajos de Martínez Salazar, recopilados. A mí me gustaría mucho tenerlo pues aparte del interés bibliográfico hay otro sentimental, pues Don Andrés fué muy amigo de mi padre y yo lo recuerdo aún muy vagamente (era yo muy niño) cuando iba a nuestra casa de La Coruña y me acariciaba la cabeza con sus manos nobles".

6 Así o corrobora o testemuño de Cándido González: "As necesidades do vivir cotián lle negaban posibilidades e facilidades para o cultivo das letras e para a expansión das suas inxedanzas pol-a poesía e pol-a música, afeutos que levaba fincados na súa i-alma" ("*Verbas do señor Cándido González*", *Opinión Gallega*, 159, abril-maio de 1955, p. 4).

7 Cremos que a necesidade sufrida na nenez tamén se transloce naqueles textos en que o escritor herculino se refire ás súas vivencias: "Cando abrimos os ollos á vida, pousamos no lombo, no saco das esmolas, os cachos que nos tocan no reparto. Tantos anacos de bágoas e tantos de ledicia; tantos de pan e tantos de viño. Como un non é larpeiro, o pan e mailo viño ímolos espallando o máis que se pode, para non morrer nin de fame nin de sede" (Pita, Emilio, "A terra meniña. O pranto", ob. cit., p. 1).

8 Molinari, Víctor Luís, *Latitud Finisterre*, Buenos Aires, Follas Novas, 1961, p. 83.

9 Méndez Ferrín, Xosé Luís, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais, 1984, p. 97 e Cabana, Darío Xohán, "Emilio Pita: o imaxineiro da palabra", en *Longa Noite de Pedra: Poetas da guerra e da postguerra. Vol. I: Os continuadores*, edición de Darío Xohán Cabana, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1989, s.p.

10 Fernández del Riego, Francisco, "Pita Romelo, Emilio", en *Diccionario de escritores en lingua galega*, 2ª ed. corr. e aum., Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1992, p. 341 e C[osta] G[ómez], A[ntonio], "Pita, Emilio", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXV, Gijón / Santiago de Compostela, Silverio Cañada Editor, 1974, p. 50.

11 Así falaba Pita na súa madurez verbo da súa afección pola música galega: "As miñas aficións, logo da poesía, están adicadas á nosa música; principalmente a música medioeval e as panxoliñas de Nadal, que din a coñecer en audicións comentadas por pequenos coros de cámara e nenos" (Pita, Emilio, "[Nota]", *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*, 2, outono de 1962, p. 76).

12 Darío Xohán Cabana acredita no amor innato de Pita polas letras: "Emilio Pita, que empezara a traballar nunha casa comercial de Buenos Aires, foi un autodidacta que chegou a posuír unha gran formación literaria e musical" (Cabana, Darío Xohán, "Emilio Pita: o imaxineiro da palabra", en *Longa Noite de Pedra...*, vol. I, ob. cit., s.p.).

13 Sobre a vida social de Pita, Neira Vilas apunta: "Desbotaba todo elitismo, e mesturábase arreo cos paisanos que exercían traballos manuais: camareiros, tranvianos, xastres... Considerábase un emigrante máis, un de tantos" (Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración III*, ob. cit., p. 117).

dial e efusiva do noso autor atopou comprensión e apoio respecto das súas inquietudes nos mozos que coma el se reunían habitualmente no “Café Armonía” da Avenida de Maio, ao que acudían intelectuais e artistas como Eduardo Blanco-Amor, Manuel Prieto Marcos, Antón Zapata García, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Xosé Ares Miramontes ou Manuel Meilán, entre outros¹⁴. A corrente de simpatía e fraternal afecto que vinculaba os habituais desta xuntanza reforzouse co sentimento de afirmación galeguista que compartían. Este lazo constituíu a cerna do incipiente nacemento dunha asociación que transcendería o carácter dos faladoiros galeguistas que tiñan por costume reunirse na concorrida avenida bonaerense. Isto plasmarase en xullo de 1927 co xurdimiento da Sociedade d’Arte Pondal, a cal mudaría en 1930 o seu nome polo de Sociedade Nazionalista Pondal¹⁵. Na asemblea que a dita sociedade celebrou o quince de outubro de 1929, Pita foi elixido secretario de actas¹⁶. Paralelamente, o noso autor participaba activamente na vida social da comunidade galega en Bos Aires¹⁷ e publicaba os seus primeiros artigos no voceiro da *Federación de Sociedades Gallegas* na Arxentina, *El Despertar Gallego*¹⁸. A partir de 1930, Pita comezou a colaborar regularmente na revista *Céltiga* e no órgano da renomeada Sociedade Nazionalista Pondal, *A Fouce*. O seu labor a prol da extensión da cultura galega foi recoñecido pola colectividade residente na capital do Prata, que lle tributou en xuño dese ano unha homenaxe pública de ampla repercusión¹⁹.

Aínda que en escritos temperáns Pita se revele politicamente como marxista, as simpatías políticas do escritor herculino oríentanse cara á creación dun partido republicano plenamente galeguista²⁰. Ao pouco de se fundar a ORGA en Galicia, os dirixentes da *Federación de Sociedades Gallegas* acordaron a creación dun organismo político galeguista semellante ao existente na Terra. A denominada “Sección Argentina de la ORGA” quedou constituída nunha asemblea en que foi nomeado un comité directivo do que formaría parte Pita como integrante da comisión de prensa²¹. Pita subscribirá tamén en

14 Segundo o noso autor confesaría a Filgueira Valverde anos máis tarde, entre as súas lecturas iniciais estivo a *Teoría do Nazionalismo galego* de Risco, que enfrontou aos dezaseis anos (Filgueira Valverde, Xosé, *Os poetas galegos* [1936]. *Antoloxía consultada*, ob. cit., p. 267).

15 “Sociedade Nazionalista Pondal”, *A Fouce. Periódico galego*, 13, 1-VI-1930, p. 4.

16 “Sociedade d’Arte Pondal”, *El Despertar Gallego. Órgano oficial de la Federación de Sociedades Gallegas en la República Argentina*, 158, 3-XI-1929, p. 3.

17 A referencia máis temperá que coñecemos da súa participación nas celebracións da colonia galega refírese a unha festa organizada por unha asociación de naturais de Cambados en 1929 con motivo do cuarto aniversario da súa fundación (“Sociedad Nativos del Ayuntamiento de Cambados. Ecos del festival realizado”, *El Despertar Gallego. Órgano oficial de la Federación de Sociedades Gallegas en la República Argentina*, 150, 7-VII-1929, p. 4). A partir dese momento, Pita converteuse nun convidado habitual a este tipo de actividades, por exemplo a homenaxe que a “Sociedade Nazionalista Pondal” dedicou ao bardo de Bergantiños, na cal acompañou no piano a intérpretes como Amalia Longarela, Lino Pérez ou Carmen López (“Pondal. Homaxe e conferencia”, *A Fouce. Periódico galego*, 8, 15-III-1930, p. 4), ou no festival artístico en beneficio da Residencia de Estudiantes de Santiago de Compostela que a “Unión Provincial Orensana” celebrou na sede social da Federación de Sociedades Gallegas en maio de 1930, no que Pita participou en calidade de presidente da comisión de festas (“Unión Provincial Orensana”, *Céltiga*, 128, 25-IV-1930, s.p.).

18 As primeiras colaboracións de Emilio Pita neste medio das que temos noticia son as que conforman a serie “Pingas d’auga” (157, 30-X-1929, p. 1 e 158, 3-XI-1929, p. 1).

19 “Homaxe público ó sonoro poeta e nobre bardo celta Emilio Pita”, *A Fouce. Periódico galego*, 13, 1-VI-1930, p. 1.

20 Xavier Castro sinala ao respecto: “A Emilio Pita podémolo considerar como un marxista pouco ortodoxo, tendo as súas teorías un sesgo máis ben populista. A súa filosofía de base, delo non hai dúbida, era materialista (...). Falaba de combater o conservadurismo e de vir cun novo senso revolucionario; pero, en troques, non concede un papel específico, e dirixente, ó proletariado no cadro social que diseña” (Castro, Xavier, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. I, Orense, Servicio de Publicaciones de la Diputación de Orense, 1985, p. 255).

21 “Quecdó organizada la sección argentina de la ORGA”, *Céltiga*, 129, 10-V-1930, s.p. Vid. tamén o libro de Baldomero Cores Trasmonte *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galeguismo y acción de masas en Galicia*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1983, p. 163.

1930 un manifesto pola creación dun organismo político de signo galeguista xunto a outros destacados persoeiros galegos na emigración como Blanco-Amor, Suárez Picallo ou Avelino Díaz, simbolicamente asinado o dezasete de decembro, data en que a comunidade galega de Bos Aires conmemoraba o cabodano do axustizado Pardo de Cela²².

2. PRIMEIRA VIAXE Á TERRA

En maio de 1931, Pita preside un comité para a difusión do himno galego que tiña como obxectivo espallar o himno como signo de identificación nacional entre todas as sociedades e publicacións galegas da Arxentina²³. Ese mesmo ano, o noso autor terá ocasión de reencontrarse coa Terra que deixara sendo neno, onde a lenta eclosión cultural e artística coa que principiara o século fora substituída por unha exemplar actividade creativa e política. O nove de agosto, Pita viaxa coa súa familia cara a Galicia²⁴. Faise obvio que a través desta e das seguintes viaxes á Terra, Pita segue con atención e participa no desenvolvemento da nosa cultura. Durante esta breve estada súa, visita a Vicente Risco en Ourense²⁵ e a Otero Pedrayo en Madrid²⁶. E antes de que remate o ano, a sinatura do escritor coruñés aparecerá na revista *Nós*²⁷ e no xornal *A Nosa Terra*²⁸.

Tras o regreso do noso autor á Arxentina no mes de outubro²⁹ e logo de dar conta das súas vivencias en Galicia e Portugal ao órgano da *Federación de Sociedades Gallegas*³⁰, experiencias que fortaleceron o seu compromiso galeguista, atopamos o nome de Pita entre os asinantes dun artigo publicado en marzo de 1932 no voceiro citado; artigo no cal se apoiaba a candidatura encabezada polos afiliados á ORGA Fernando Campos Couceiro e Fernando Lorenzo Rico³¹ (este último futuro sogro de Pita) nas eleccións da xunta executiva da *Federación*³². En xullo dese ano viu a luz un número extraordinario da revista luguesa *Yunque* elaborado co gallo do Día de Galicia, que incluía o artigo de Pita “Teatro Gallego”³³. A finais de outubro, Pita será o encarga-

22 “Ao decorrel-os días”, *A Nosa Terra*, 280, 1-II-1931, pp. 1-3. Tamén se pode consultar no artigo “Ni republicanismo sin galleguismo, ni galleguismo sin republicanismo”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 8-II-1931, p. 10.

23 “Se ha constituido un Comité pro difusión del Himno Gallego”, *Céltiga*, 153, 10-V-1931, s.p.

24 “Llevado por asuntos particulares y acompañando a su familia sale hoy para Galicia nuestro amigo, este joven literato gallego tan ventajosamente conocido por los lectores de las publicaciones gallegas” (“Emilio Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 9-VIII-1931, p. 1). *A Fouce* ampliaba deste xeito a información referida á viaxe: “Leva o amigo Pita a intención de pasar dous meses na Terra, vendo xentes e percorrendo aldeas e vilas, onde a súa gran emoción galega ha de reforzarse e tomar pulos para novas labores do intelecto” (“Emilio Pita”, *A Fouce. Periódico galego*, 38, 15-VIII-1931, p. 4). A vívida impresión que lle produce a Pita o regreso á cidade herculina reflíctese nestas liñas: “La Coruña es una novia que dejamos de niño, vestida de corto. La encontramos ahora, al cabo de años, vestida de largo. Mujer; pero mujer moderna, varonil. Casi no nos reconoce. Pero hablamos a su memoria, insistimos en detalle, llamamos en nuestra ayuda a recuerdos pasados. Y La Coruña nos recibe con su cordialidad ingénita” (Pita, Emilio, “Galicia a vuelo de pájaro. Lisboa, Vigo, La Coruña, Orense, Santiago”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 231, 1-XI-1931, p. 1).

25 Pita, Emilio, “Galicia a vuelo de pájaro...”, ob. cit., p. 1.

26 Pita, Emilio, “O meu relembr de Nós”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 145, 30-X-1970, p. 48. Hai edición facsimilar desta publicación: Vigo, Galaxia, 1979.

27 Pita, Emilio, “Romance”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 93, 15-IX-1931, p. 1.

28 Pita, Emilio, “O movemento galeguista. Idea e motivo”, *A Nosa Terra*, 280, 1-XII-1931, p. 6.

29 “Depois dun viaxe lóstrego por Galiza, fartándose de ver homes e paisaxes, chegou a Bos Aires o noso benquerido amigo Emilio Pita” (“Emilio Pita”, *A Fouce. Periódico galego*, 42, 15-X-1931, p. 3).

30 Pita, Emilio, “Galicia a vuelo de pájaro...”, ob. cit., p. 1.

31 Fernando Lorenzo Rico, emigrante mindoniense que fixo fortuna lonxe da Terra, foi un dos fundadores do Centro Galego bonaerense e formou parte da delegación do Partido Galeguista na Arxentina. Así mesmo, foi membro da ORGA, máis tarde da Irmandade Galega e directivo durante moitos anos da sociedade *Hijos de Mondoñedo*. Faleceu en Bos Aires en 1952.

32 “Federación de Sociedades Gallegas”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 250, 13-III-1932, p. 2.

33 O dito artigo aparecera con anterioridade no voceiro da Federación de Sociedades Gallegas: 257, 30-IV-1932, p. 3.

do de presentar o coro “Lembranzas d’Ultreya” no que sería o primeiro acto público desta agrupación³⁴. O mes seguinte, a directiva do xornal da *Federación de Sociedades Gallegas* dispón por unanimidade que sexa Pita quen ocupe a vacante de José Iglesias Rivadulla na comisión de prensa de *Galicia*, posto ao que se incorpora por diante de José Benito Abreira ou Manuel Meilán, que tamén foran sometidos á consideración da directiva³⁵. En decembro, o poeta herculino pronuncia conferencias co gallo do 449 aniversario da morte de Pardo de Cela no *Teatro Argentino* e no local da *Federación*³⁶.

3. SEGUNDA VIAXE A GALICIA

En maio de 1933, tras unha cea ofrecida polas xentes da *Federación*³⁷ e un xantar de despedida promovido pola *Unión Provincial Orensana*³⁸, o noso autor viaxa novamente a Galicia. Pita embarca o once de maio no buque “Monte Pascoal”³⁹, que fai escala no porto brasileiro de Santos antes de se dirixir cara á Terra⁴⁰. Nalgunha fonte menciónase que a viaxe estaría relacionada coa cura dunha doenza que non transcendeu na biografía do coruñés⁴¹. Porén, ao pouco de chegar participaría como conferenciante xunto a Castelao e Alonso Ríos en varios actos da campaña pola autonomía en Ferrol, O Seixo e Covas⁴². Pita incorporárase de camiño ao comité de redacción do xornal *Erte...!*, voceiro do Grupo Galeguista de Ferrol dirixido por Nicolás García Pereyra⁴³. Pero quizais o feito máis relevante da súa militancia no Partido Galeguista foi dar vida á Moedade Galeguista da Coruña. Pita contactou axiña con Mariñas del Valle e outros persoeros vinculados ao galeguismo na cidade herculina, amais de frecuentar o local que na Coruña tiñan as Irmandades da Fala⁴⁴. De feito, o manifesto constitucional das Moce-

34 “Con mucho éxito realizó *Lembranzas d’Ultreya* su primera velada literario-artística”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 284, 6-XI-1932, p. 3. A constitución desta significativa agrupación no panorama musical galego pódese consultar no artigo “Carta de fundación de *Lembranzas d’Ultreya*”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 267, 10-VII-1932, p. 1. O coro cambiou de nome en 1936 pasando a denominarse “Agrupación Artística e Cultural Ultreya” e fundírase co “Grupo Galeguista” e a “Casa de Galicia” dous anos máis tarde (Vilanova, Alberto, *Los gallegos en Argentina*, vol. II, Buenos Aires, Eds. Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1966, pp. 1425-1426 e Palmás, Ricardo, *A emigración galega na Argentina*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1978, p. 16).

35 “La redacción de *Galicia*. Emilio Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 286, 20-XI-1932, p. 1.

36 “Dos veladas”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 291, 25-XII-1932, p. 1.

37 “Se celebró el banquete en honor a Emilio Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 308, 23-IV-1933, p. 1.

38 “Despidiendo a Emilio Pita. El hunch de los Orensanos”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 309, 30-IV-1933, p. 1.

39 “Emilio Pita. Su viaje a Galicia”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 311, 14-V-1933, p. 1.

40 Pita, Emilio, “Verbas encol do mar. Cidades do camiño: Santos (En viaxe a Galiza, maio 1933)”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 314, 4-VI-1933, p. 1 e tamén “Cidades do camiño: Santos”, *El Pueblo Gallego*, 21-VI-1933, p. 1.

41 “Nós agradecemos moi vivamente os conceptos de Pita, o rapás que veu a curarse dunha doenza e que en ves de atendela, douse enteiro a curar as doenzas da Patria” (“Emilio Pita”, *A Nosa Terra*, 329, 31-III-1934, p. 2).

42 Vid. “Actividade galleguista en Ferrol. Dos conferencias y dos mítines”, *El Pueblo Gallego*, 29-VII-1933, p. 12, “Castelao, Alonso Ríos y Emilio Pita en El Ferrol”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 325, 20-VIII-1933, p. 1 e “Nuestro compañero Emilio Pita tomó parte en tres mítines, en compañía de Castelao y Alonso Ríos”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 326, 27-VIII-1933, p. 4. Así relataba Pita a súa experiencia: “Cando ouví falar do Ferrol, no tocante a acción do galeguismo, maxinaba qu’eran inda menos galegos que na Cruña, que xa é muito decir. Pro en Ferrol, vive García Pereyra, presidente d’aquí Grupo Galeguista; e iste tempo sinxelo amostra ó que pode faguer o intrés pol-a terra e ó traballo espallador. Todal-as vilas que durmen baixo o aloumiño da ría ferrolán foron espartadas pol-a acción xurdia e galeguista de García Pereyra. Neda, Mugaridos, Fene, Serantes, A Graña, O Seixo, Figueira e aínda máis, coñeceron a voz de total-as figuras máis prestixiosas do galeguismo. Cando eu cheguei a Cruña, recibín unha tarxeta do García Pereyra, onde dábame o saúdo de benvida e engadía que xunto con Castelao e Alonso Ríos tiña que falar nun día ¡jen catro mítins!!” (P[ita], E[milio], “Nuevos valores gallegos. Nicolás García Pereyra”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 330, 24-IX-1933, p. 3).

43 Llorca Freire, Guillermo, *Historia da Prensa Ferrolá (1845-1992)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1993, p. 98.

44 Rabunhal, Henrique, *Jenaro Mariñas del Valle, a vida escura*, ob. cit., p. 63.

dades Galeguistas desta cidade, datado en outono de 1933⁴⁵, é unha obra exclusiva de Pita, como recoñecería anos máis tarde Mariñas del Valle⁴⁶.

Por outra parte, está probado que Pita asistiu ao acto constitutivo da Federación de Mocedades Galeguistas, o cal tivo lugar no transcurso da terceira asemblea que o Partido Galeguista celebrou en Ourense en xaneiro de 1934, onde o noso autor acudiu en compañía de Víctor Casas, Plácido Castro e Ramón Piñeiro⁴⁷. Con todo, as informacións son contraditorias sobre se asistiu en calidade de delegado do grupo da Coruña ou simplemente como militante⁴⁸. O nome de Pita tamén aparece nestas datas na nómina de colaboradores de *Ser. Semanario gallego de izquierdas* xunto a Álvaro de las Casas, Ánxel Fole, Francisco Fernández del Riego ou Luís Seoane⁴⁹. Así mesmo, o noso autor publica artigos en xornais como *El Pueblo Gallego*⁵⁰, *A Nosa Terra*⁵¹, *Heraldo de Galicia*⁵² ou na revista *Nós*⁵³.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E POLÍTICAS VARIAS

Pita regresa a Bos Aires en febreiro de 1934⁵⁴, onde participa activamente en iniciativas culturais e políticas ligadas á “Orgaización Nazonalista Republicana Galega” (ONRG), nova denominación aprobada polos dirixentes da sección arxentina da ORGA en xuño de 1933 coa decisión de adoptar como idioma oficial o galego e afanarse nunha liña de actuación marcadamente nacionalista⁵⁵. Non ben chegou, Pita concedeu unha entrevista a Francisco Regueira en que comentou as súas actividades en Galicia cunhas declaracións un chisco gabanciosas e non demasiado axustadas á realidade⁵⁶. Tales declaracións foron contestadas desde o xornal *A Fouce*, no que se deu noticia dunha actitude cando menos ambigua por parte de Pita, aludindo a un motivo solapado na viaxe⁵⁷. Non obs-

45 O texto do manifesto foi reproducido en *A Nosa Terra* (“Orgaización e espallamento”, 314, 16-X-1933, p. 2) e mais en *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas* (“Aos mozos cruñeses”, 336, 5-XI-1933, p. 4).

46 Rabunhal Corgo, Henrique Manuel e José-Maria Monterroso Devesa, “Jenaro Marínhas del Valle: Testemunha de unha lealtade”, *Agália. Revista da Associação Galega da Língua*, 18, verán de 1989, p. 218. Así relataba Pita os primeiros pasos da agrupación na Coruña: “Foi con Pereiro Carrón e co ise gran rapaz que se chama Galán Calvete, que organiciei a Mocidade Galeguista da Cruña. Botamos a camiñar un día pol-as rúas cursis e aburguesadas da cidade-surrisa a repartir manifestos ande faguíamos un chamado á nova mocidade. D’ise cativo anteloquio naceu a Mocidade que está oxe orgánicamente formada e da que Pereiro Carrón foi o seu primeiro presidente” (P[ita], E[milio], “Na morte do irmán Xosé Pereiro Carrón”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 366, 3-VI-1934, p. 3). É de notar que existe unha contradición entre os testemuños de Pita e de Mariñas del Valle (Rabunhal Corgo, Henrique Manuel e José-Maria Monterroso Devesa, “Jenaro Marínhas del Valle: Testemunha de unha lealtade”, ob. cit., p. 208) en relación coa presidencia da primeira xunta directiva da Mocidade. Os datos dos que dispoñemos ao respecto permítenos concluir que era Pereiro Carrón a persoa que realmente desempeñaba o cargo de presidente, mentres que Mariñas del Valle fora designado secretario xeral da agrupación (Rojo, Arximiro, *As Mocedades Galeguistas*, Vigo, Galaxia, 1987, p. 43).

47 Casares, Carlos, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 1991, p. 36 e *D’amarante*, Antonio [Regueira, Francisco], “Galicia va hacia la conquista de su personalidad. Una interesantísima charla con Emilio Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 351, 18-II-1934, p. 3.

48 Coa condición de delegado é sinalada a súa participación no artigo “Emilio Pita” (*A Nosa Terra*, ob. cit., p. 2). Porén, outras fontes apuntan que os delegados enviados en representación da agrupación xuvenil da Coruña foron Pedro Galán Calvete e Xosé Pereiro Carrón (“Asamblea das Mocedades Galeguistas”, *A Nosa Terra*, 321, 28-I-1934, p. 3).

49 Fernández del Riego, Francisco, *Anxel Casal e o libro galego*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1983, p. 106.

50 Pita, Emilio, “Unha xeneración”, *El Pueblo Gallego*, 3-VI-1933, p. 1.

51 Pita, Emilio, “Verbas á mocidade galega”, *A Nosa Terra*, 305, 13-VIII-1933, p. 4.

52 Pita, Emilio, “Gaeuzca e os emigrados”, *Heraldo de Galicia*, 156, 7-XI-1933, p. 1.

53 Pita, Emilio, “Maiakovsky, o derradeiro romántico”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, 121, 15-I-1934, pp. 9-10.

54 “Emilio Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 350, 11-II-1934, p. 1.

55 Núñez Seixas, Xosé M., *O galeguismo en América: 1879-1936*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1992, pp. 255-256.

56 *D’amarante*, Antonio [Regueira, Francisco], “Galicia va hacia la conquista...”, ob. cit., p. 3.

57 “No que toca o papel de informador, o señor Emilio Pita fixo o mesmo que todol-os enviados representantes que a “Federación de Sociedades Gallegas” mandou a Galiza. Falseou os feitos, presentando a laboura que fan os emigrados o xeito das suas comenencias particulares (...). Que o señor Pita se ocupe do seu enchufamento na Delegación de Facenda na Cruña, según tiña tencionado, e si algunha vegada se ocupa d’outras cousas nono faga con tan mal senso. É il o menos autorizado pra faguer mención dunha entidade na que foi o eterno socio moroso, pois debe lembrarse que unha vegada se lle tiveron que condonar uns dez recibos, e outra vegada negouse a pagar outros tantos” (*Tiberás*, “Un literato que minte cecais de puro agradecido”, *A Fouce. Periódico galego*, 64, 1-X-1933, p. 4).

tante, será o propio Pita quen predique co exemplo e non lle trema a man á hora de pedir no Congreso da *Federación de Sociedades Gallegas* dese ano que lle sexa retirada a condición de delegado da citada entidade a Blanco-Amor pola súa escasa colaboración co Partido Galeguista durante a estada do ourensán na Terra⁵⁸. En decembro, Pita le o relatoiro “Sembranza do Mariscal Pardo de Cela” no acto organizado pola *Federación* co gallo do 451 aniversario da morte do susodito nobre galego⁵⁹.

A sociedade coral Os Rumorosos, dirixida polo músico e poeta Manuel Prieto Marcos, operaba desde 1933 en Bos Aires dependendo da Sociedade Nazionalista Pondal. En maio de 1935, esta coral edita un voceiro propio integramente en galego, *Alalá*, no que colabora Pita⁶⁰. O un de setembro dese mesmo ano, o noso autor contrae matrimonio con María Lorenzo, filla de Fernando Lorenzo Rico⁶¹, trasladándose a parella a Montevideo para pasar a lúa de mel⁶². En xaneiro de 1936 créase o *Frente Único Galleguista de Izquierda*, integrado pola ONRG que encabezan Lino Pérez, Rodolfo Prada, Pita e membros destacados da *Federación de Sociedades Gallegas*⁶³. As actividades literarias e galeguistas do escritor coruñés incrementáanse nestas datas ao ditar varias conferencias no local da *Federación* en nome da ONRG⁶⁴. No Nadal, a ONRG troca o seu nome polo de Grupo Galeguista de Bos Aires. En marzo de 1937, a agrupación *Ultreya* celebra o centenario do nacemento de Rosalía de Castro cun acto celebrado no Teatro Avenida de Bos Aires, no que participan Pita, Dora Cela de Seco, Emilio Estévez, José Vales ou Augusto Cortina, entre outros⁶⁵. O dezasete de decembro dese ano, no marco da homenaxe a Pardo de Cela auspiciada pola antedita agrupación, Pita pronunciou un discurso alusivo ao significado da data⁶⁶.

O noso autor conxuga a partir de 1938 o labor de conferenciante sobre temas culturais e políticos⁶⁷ coa dirección do cuarteto *Ultreya*, integrado nesa altura por Luís López, Benito Rodríguez, José López e Mercedes Orgaz, co cal explora e difunde a música medieval e popular de Galicia, ademais de ocupar o cargo de vogal na comisión directiva da agrupación⁶⁸. Unha das actuacións máis salientables do cuarteto tería lugar o dezasete de decembro dese ano no marco da homenaxe a Pardo de Cela, acto acompañado dunha conferencia do propio Pita⁶⁹. En xullo de 1939, a Sección Artística *Ultreya* da Casa de Galicia, en recoñecemento da divulgación cultural e galeguista realizada por

58 Núñez Seixas, Xosé M., *O galeguismo en América: 1879-1936*, ob. cit., p. 244.

59 “Lembranzas da Terra”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 395, 23-XII-1934, p. 3.

60 Pita, Emilio, “O primeiro alalá”, *Alalá. Revista de Arte e Letras*, 1, maio de 1935, p. 5.

61 “Sociales. Enlace Lorenzo-Pita”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 405, 3-III-1935, p. 3.

62 “Don Emilio Pita”, *Raza Celta. Órgano del Comité Autonomista Gallego de Montevideo*, 12, xaneiro-febreiro de 1935, p. 7.

63 Allegue, Gonzalo, *Eduardo Blanco Amor. Memoria dun xuíz ausente*, Vigo, Nigra, 1993, p. 142.

64 En xaneiro de 1936, o poeta coruñés escribe a Filgueira Valverde como resposta ao inquérito da antoloxía da lírica galega que pretende elaborar este último. Na dita resposta, Pita comunícalle ao intelectual pontevedrés a intención de dar ao prelo, en edición non venal, un libro de versos que levaría por título *Ter-ter*. Porén, non levou a cabo esta iniciativa (Filgueira Valverde, Xosé, *Os poetas gallegos [1936]*. *Antoloxía consultada*, ob. cit., p. 267).

65 “El Centenario de Rosalía en Buenos Aires”, *Cultura Gallega*, 23-26, 1937, p. 69.

66 “O Coro *Ultreya*”, *A Nosa Terra*, 424, mes de Santiago de 1938, p. 6.

67 “*Ultreya* conmemorou con un brillante acto patriótico el Día de Galicia”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 581, 31-VII-1938, p. 3.

68 “Agrupación *Ultreya*”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 595, 6-XI-1938, p. 5.

69 “La Agrupación *Ultreya* conmemorará con un acto patriótico el 455 aniversario de la muerte del Mariscal gallego Pardo de Cela”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 600, 11-XII-1938, p. 11.

Pita ata entón, decidiu ofrecerlle unha homenaxe pública, no transcurso da cal interviñeron Rodolfo Prada, Rey Baltar e Blanco-Amor en representación do Centro Galego, a Casa de Galicia e mais a *Federación de Sociedades Gallegas*, respectivamente⁷⁰. A partir dese momento, o nome do noso autor aparece con certa asiduidade na revista publicada polo Centro Galego de Bos Aires asinando artigos sobre temas musicais e literarios⁷¹.

5. RELACIÓN CON CASTELAO. A EMISIÓN “SEMPRE EN GALIZA”

O dezasete de xullo de 1940 Castelao chega a Montevideo no buque *Arxentina*. Alí é recibido por intelectuais como Lois Tobío, Manuel Meilán, Antón Crestar, Xesús Canabal ou Pita⁷². Nesta época, o poeta herculino compaxina os seus labores de conferenciante e xornalista coas actividades derivadas do seu cargo como secretario xeral da Irmandade Galeguista Manuel Curros Enríquez⁷³, sección cultural da Casa de Galicia de Rosario de Santa Fe⁷⁴. Do papel de Pita como promotor da estrea da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, celebrada o catorce de agosto dese mesmo ano, apenas contamos con testemuños fóra dunha carta do coruñés a Fernando Iglesias *Tacholas* e outra de Castelao a Pita. Da misiva que Pita desde Rosario e con data once de agosto de 1941 envía a *Tacholas* extraemos os seguintes fragmentos:

Meu querido Fernando:

Dúas liñas para saudarche e pór no teu coñecimento que, d'acordo co que vos prometín o día 26 do mes derradeiro no Teatro Mayo, estarei á vosa beira o xoves 14 para sentir a carón de todos vós a fonda emoción de ollar na escea a primeira obra teatral do noso meirande irmán Castelao. [...] Ti sabes ben, como foi po-lo meu intermedio que se conseguiu que Castelao léra a obra á vosa Compañía⁷⁵ [Compañía de Comedias Maruxa Villanueva] e pareceume un soño que despois de menos dun ano poda levarse á escea gracias á vosa admirable laboura...⁷⁶

Pola súa parte, Castelao diríxese a Pita nos seguintes termos:

Eu estou bastante ledo cos ensaios da miña primeira obra. Paréceme que poderemos estrenala. Noto a túa falla, porque non sei cómo a parte musical se poderá arranxar sen estares ti para preparamos. En fin: faráse o que se poida.⁷⁷

70 “La demostración al poeta E. Pita adquirió lucidas proporciones”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 630, 8-VIII-1939, p. 3.

71 Vid. artigos seus na referida publicación como “José Castro, *Chané*”, 323, decembro de 1939, p. 12, “Música popular galega”, 330, xullo de 1940, pp. 78-79 ou “La prosa gallega de Castelao”, 331, agosto de 1940, pp. 14-15.

72 Paz Andrade, Valentín, *Castelao na luz e na sombra*, 2ª ed. rev. e ampl., Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1986, p. 475 e Ponte, Manuel e Segundo Vilaboy, “Castelao en Montevideo”, en Martínez, Rogelio (comp.), *Crónica del exilio español en Uruguay. Testimonios y dibujos. Vol. II*, s.l., Ed. J. Bergamín, 2001, p. 163.

73 Vid. Pita, Emilio, “Itinerario lírico da Poesía Galega”, *Abrente. Revista Galega*, 1, 1940, p. 11 e “Un acto”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 719, 22-III-1941, p. 12.

74 O Centro Galego de Rosario tivo na súa primeira etapa unha vida efémera, sendo así que se organizou en 1892 e desapareceu en 1894. Nunha segunda etapa, celebrou a súa inauguración con decidido signo republicano no cine Teatro Real de Rosario o quince de xuño de 1938, cambiando o seu nome pouco despois polo de Casa de Galicia.

75 O papel de Pita como asesor do rianxeiro polo que se refire a este particular semella plausible mercé ás declaracións de *Tacholas* ou de Maruxa Villanueva, que acreditan que foi un grupo de amigos aos que leu o texto de *Os vellos*... os que aconsellaron a Castelao que se dirixise á Compañía de Maruxa Villanueva (Iglesias Sánchez, Fernando, “Teatro gallego en la Argentina”, *Primer Acto*, 120, maio de 1970, pp. 24-25 e Pociña, Andrés e Aurora López, *Maruxa Villanueva*, s.l., Hércules de Ediciones, 1995, p. 79).

76 Pérez Rodríguez, Luís, *Fernando Iglesias “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1996, p. 82.

77 “Oito cartas de Castelao”, *Grial. Revista galega de cultura*, 47, xaneiro-marzo de 1975, p. 91.

A relación entre Pita e Castelao semella cordial, ata o punto de que o propio Castelao recoñece nunha carta datada en febreiro de 1942 a inspiración dos poemas do herculino como fonte dun dos capítulos de *Sempre en Galiza*. Nesa mesma epístola, o rianxeiro ofrécese para prologar o que sería o primeiro libro de poemas de Pita, *Jacobusland*, que había ver a luz no Nadal⁷⁸. Finalmente, o agasallo de Castelao consistiría en catro debuxos que acompañarían as composicións incluídas no poemario, publicado polo escritor coruñés nunha edición pagada do seu propio peto⁷⁹. Por outra parte, Castelao sería convidado pola Casa de Galicia en Rosario de Santa Fe por mor dunha homenaxe en maio de 1942⁸⁰, acto no que a presenza do rianxeiro semella ter moito que ver coa boa relación que este mantiña con Pita, como acredita a correspondencia entre ambos⁸¹. Ao longo desta década, a participación de Pita nos actos de afirmación galeguista e divulgación cultural foi constante. Así, atopamos o seu nome vinculado ás celebracións do Día de Galicia de 1943 do Centro Ourensán⁸². En maio de 1944 saía do prelo o segundo libro de poemas do coruñés, *Cantigas de nenos*, publicado baixo o selo da editorial Arayl de Rosario⁸³.

En 1946, o noso autor interviría nas actividades do Centro Galego de Bos Aires cunha conferencia con ilustracións musicais sobre motivos folclóricos desde os trobadores ata a época contemporánea⁸⁴. Tres anos máis tarde, inaugúrase o Certame Literario-Musical do Centro Galego de Bos Aires, no cal actuaría Pita como representante da Comisión de Cultura do Centro no xurado do antedito premio⁸⁵. Con todo, aínda lle quedou tempo para preparar unha disertación sobre música e canción galegas que presentou no *Teatro del Pueblo* porteño, onde os Centros Ourensán e Pontevedrés acordaron celebrar xuntos o Día de Galicia de 1950⁸⁶. Paralelamente, o escritor herculino desenvolve a súa actividade en diversas institucións ligadas á cultura galega, como a *Banda Sinfónica de Galicia*, creada e sostida polo Centro Lucense e dirixida por Xosé Pazos. Así, algunhas gravacións da referida agrupación sobre textos de Emilio Pita foron editadas naquela altura polo mencionado Centro⁸⁷.

78 "Oito cartas de Castelao", ob. cit., p. 92-93.

79 Entre as críticas que recibiu o volume, coidamos que a de Lorenzo Varela é a máis estimable (Varela, Lorenzo, "Emilio Pita: *Jacobusland*", *Correo Literario*, 13, 15-V-1944, p. 6). Outras recensións que recibiu o volume de Pita estiveron a cargo de Arturo Cuadrado ("*Jacobusland*. Poemas de Emilio Pita", *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 839, 10-VII-1943, p. 3) e, de acordo con Méndez Ferrín, de Ramón Suárez Picallo na publicación *Última Hora* de Santiago de Chile (Méndez Ferrín, Xosé Luís, *De Ponal a Novoneyra*, ob. cit., p. 98).

80 O escritor rianxeiro xa fora convidado un ano antes pola mesma entidade para que ofrecera unha conferencia co gallo do Día de Galicia. Vid. "Acto de suma importancia en Casa de Galicia", *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 722, 12-IV-1941, p. 11.

81 "Oito cartas de Castelao", ob. cit., p. 93.

82 "O Centro Orensano celebrará a data de Galiza", *A Nosa Terra*, 428, 25-VII-1943, p. 4.

83 Do xeito que a seguir se indica recibiu Arturo Cuadrado este novo volume de versos: "El ruido de romería, gaita y alalá, nos llega por medio de la voz de un poeta, de un poeta que embargado por un profundo amor a Galicia, vuelca su corazón para rememorar, para recordar, para cantar. Para elevar el nivel en medio de la desesperanza y del olvido, pues hay exceso de desesperanza y de olvido en torno a los problemas de Galicia, problemas vivos de dolor y agonía. A Emilio Pita le tocó en suerte mitigarnos este nuevo aniversario de los mayos gallegos. Y ejemplarmente nos llega su pequeño y magnífico libro, nacido en Rosario, en la paz de su amor y de su destino" (Cuadrado, Arturo, "Anunciación maya de Emilio Pita", *Acción Gallega*, 6, 6-V-1944, p. 6). Sorprendentemente, Méndez Ferrín asigna a autoría desta crítica a Fermín Bouza-Brey, coidamos que por mor dun lapsus calami (Méndez Ferrín, Xosé Luís, *De Ponal a Novoneyra*, ob. cit., p. 98).

84 "Los actos de la semana gallega", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 406, agosto de 1946, p. 23.

85 "Notas", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 447, xuño de 1950, p. 27.

86 "Celebración del Día de Galicia", *Opinión Gallega*, 115, xullo de 1950, p. 8.

87 Neira Vilas, Xosé, *A cultura galega en Buenos Aires (1950-1960)*. Discurso lido o día 17 de novembro de 2001 no acto da súa recepción polo Ilmo. Sr. Don Xosé Neira Vilas e resposta do Excmo. Sr. Don Xesús Alonso Montero, A Coruña, Real Academia Galega, 2001, p. 34.

Por mor do seu traballo como viaxante dun empresa exportadora de cereais, Pita visitaba con frecuencia nestes anos Brasil e Uruguai⁸⁸. Nos anos cincuenta vive unha etapa de esplendor o Centro Galego de Montevideo, o máis antigo de América. Alí traballan Xoán Martínez Castro, Lois Tobío, Manuel Meilán e tamén o noso autor. A emisión dominical uruguiaia “Sempre en Galiza” comezou a súa andaina ás nove e media da mañá do tres de setembro de 1950 a través de “Radio Carve”. Actualmente, tras máis de cincuenta anos de emisións ininterrompidas, a emisión citada segue saíndo ao aire para ofrecer novas e comentarios sobre a Terra, temas literarios e música galega⁸⁹. A idea partira do deputado republicano Alfredo Somoza, quen contactou co resto dos fundadores: Antón Crestar, Xesús Canabal, Lois Tobío, Emilio Pita, Pedro Couceiro, Manuel Meilán e Manuel Leiras⁹⁰. Entre outras actividades en terras uruguaias, Pita participou na homenaxe de música, recitados e disertacións coa que o Centro Galego de Montevideo lembrou a Curros Enríquez no centenario do seu nacemento⁹¹. Así mesmo, Pita ofreceu varias conferencias sobre a historia da música galega durante a súa estada en Montevideo en outubro do ano 1952⁹².

O cinco de novembro de 1954, o poeta coruñés pronunciou unha conferencia sobre música popular galega dentro dos actos organizados polo “Instituto Argentino de Cultura Gallega”, onde compartiu tribuna con Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado e Vicente Luís Molinari⁹³. O quince de decembro dese mesmo ano celebrouse unha homenaxe a Pardo de Cela no Centro Ourensán auspiciada polas Mocidades Galeguistas de Bos Aires (as cales estaban presididas naquel entón por Roberto Veloso, namentres que o seu secretario xeral era Xosé Neira Vilas), na que Pita deu unha conferencia sobre a figura histórica do homenaxeado e Lito López leu poemas de Cabanillas e de Pondal⁹⁴. Tam pouco estaba alleo o noso autor ao desenvolvemento da poesía na Terra. Nunha carta de Celso Emilio Ferreiro datada o vinte e cinco de abril de 1955 dáse conta do envío de cadanseu exemplar d’*O sono sulagado* a Pita, Seoane e Lorenzo Varela⁹⁵. Tamén en abril ditou o poeta herculino un relatorio titulado “Música e canto coral galego” no Centro Pontevedrés de Bos Aires⁹⁶, amais de pronunciar unha conferencia o Día de Galicia no Centro Ourensán sobre o tema “Compostela na poética de Galicia”⁹⁷. Tras a súa volta a Rosario, Pita actuou como vicesecretario da comisión directiva da “Agrupación Galle-

88 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración III*, ob. cit., p. 117.

89 A sintonía do programa é a peza “Muiñeira de Chantada”, un dos poucos testemuños que posuímos de Pita na súa faceta de intérprete musical.

90 Samuelle, Cristina, *Nuestros gallegos*, Montevideo, Nuestra Tierra, 1990, p. 49. Da colaboración do escritor herculino neste proxecto dá cumprida noticia Manuel Meilán (Samuelle, Cristina, *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Xerais, pp. 62-63). Vid. tamén Tobío, Lois, *As décadas de T.L.*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, pp. 573-574; Pereira Caamaño, Fernando, “A audición radial de Montevideo Sempre en Galiza”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 357, 1975, pp. 359-360; Suárez Suárez, Marcial, “Era un 3 de setembro de 1950”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 69, setembro-outubro de 1990, pp. 62-63 e mais a monografía de Mónica Rebolo Vázquez *Bos días, gallegos. Eiquí Sempre en Galiza*, Santiago de Compostela, Lariovento, 2002.

91 “Homenajes a Curros Enríquez en el centenario de su nacimiento”, *Opinión Gallega*, 128, setembro de 1951, p. 9.

92 “En Montevideo, Emilio Pita disertó sobre música gallega”, *Opinión Gallega*, 137, decembro de 1952, p. 12.

93 “Actos del Instituto Argentino de Cultura Gallega”, *Galicia Emigrante*, 5, outubro de 1954, p. 36.

94 “Homaxe a Pardo de Cela”, *A Nosa Terra*, 491, novembro de 1954, p. 1 e “Homenaje a Pardo de Cela”, *Galicia Emigrante*, 7, decembro de 1954, p. 33.

95 Seoane, Xavier, *A voz dun tempo. Luís Seoane: o creador total*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, pp. 194-195.

96 “O Centro Pontevedrés inaugura a súa sede social”, *A Nosa Terra*, 493, abril de 1955, p. 2 e “Acto cultural no Centro Pontevedrés”, *Opinión Gallega*, 159, abril-maio de 1955, pp. 4-5.

97 “Conferencia de Emilio Pita sobre ‘Compostela na poética de Galicia’”, *Opinión Gallega*, 161, xullo-agosto de 1955, p. 2.

ga de Universitarios, Escritores y Artistas” (A.G.U.E.A.)⁹⁸, asociación promovida en 1956 para espallar o estudo da lingua, a historia e mais a cultura de Galicia entre a colonia galega de Bos Aires. Así mesmo, o escritor coruñés asistiu ao Congreso da Emigración Galega celebrado na capital arxentina en xullo dese mesmo ano⁹⁹.

Xa en 1957, Pita, Lorenzo Varela e Eliseo Pulpeiro actúan como xurado dos premios *Castelao* e *Padre Feijóo* do Centro Galego de Bos Aires¹⁰⁰. O noso autor tamén se encargaría dun recital de música de cámara programado nas actividades da A.G.U.E.A.¹⁰¹. No terceiro e derradeiro ciclo desta asociación, en setembro de 1959, Pita impartiu un curso sobre “O romance musical galego”¹⁰². Un mes antes, concretamente o catorce de agosto, levárase a cabo unha homenaxe a Otero Pedrayo no Centro Lucense da capital arxentina a cargo da organización libreiro-editorial *Follas Novas*. O dito acontecemento reunira moitos intelectuais da colectividade galega en Bos Aires: Pita, Seoane, Neira Vilas, Dieste, Rodolfo Prada e Ramón de Valenzuela, entre outras personalidades¹⁰³. O catro de outubro do mesmo ano, o escritor herculino foi agasallado no Centro Pontevedrés con motivo do seu cincuenta aniversario e da publicación dun novo volume de poemas da súa autoría, *Os relembrados. As cantigas*¹⁰⁴. No salón de actos da entidade mencionada déronse cita delegacións das institucións seguintes: Centro Galego, Consello de Galiza, Centro Coruñés, Centro Lucense, Centro Ourenán, Centro Pontevedrés e *Federación de Sociedades Gallegas*. O actor Fernando Iglesias *Tacholas* fixo de mestre de cerimonia, mentres que Prada, Suárez Picallo e Blanco-Amor interviñeron para falar da figura e da obra do escritor herculino¹⁰⁵.

Nesta altura, Pita coopera activamente cos galeguistas da cidade de Rosario de Santa Fe, impartindo conferencias¹⁰⁶ e colaborando no voceiro da “Peña Cultural Galleguista *Rosalía de Castro*”¹⁰⁷, agrupación fundada o cinco de febreiro de 1960 e que incluía na súa xunta directiva amigos do poeta coruñés como Xosé Ares Miramontes. Con ocasión de cumprirse o décimo aniversario do pasamento de Castelao, a *Asociación Argentina de Hijos de Gallegos* organizou en 1960 un seminario de estudos sobre os temas do libro *Sempre en Galiza*, no cal Pita figuraba como un dos principais relatores¹⁰⁸. Así mesmo, o escritor herculino participou ese ano nas “Jornadas Gallegas” do Centro Galego bonaerense, concretamente nun acto en lembranza de Ramón Cabanillas¹⁰⁹.

98 “AGUEA”, *Galicia Emigrante*, 22, xullo de 1956, p. 40.

99 “Non aparece na foto Emilio Pita, fraternalmente presente nos actos” (VV.AA., *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas [24-31 de xullo de 1956 en Buenos Aires]*, Buenos Aires, Nós, 1959, p. 86).

100 Os galardóns recaerían finalmente nas obras *O cabaleiro da luz* de Daniel Cortezón Álvarez e *O solitario de Bergantiños* de Francisco Fernández del Riego (“Concursos anuais”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 502, maio-xuño de 1958, p. 23).

101 “Los cursos de AGUEA”, *Galicia Emigrante*, 29, xuño-xullo de 1957, p. 26.

102 Palmás, Ricardo, “Rafael Dieste e as súas clases na AGUEA”, en Casas, Arturo (coord.), *Tentativas sobre Dieste*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995, p. 112, n. 7.

103 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración I*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, p. 321.

104 A parte da homenaxe, Lois Tobío saudou na prensa coas seguintes palabras a aparición do libro de Pita: “Non son moitos os poemas que compoñen este ramallo, nin longos mais son dunha belida, pura, enxebre calidade. Poesía de aparencia sinxela e sutil fondura. Poesía encheita de alma e sentimento galego. O noso recoñecemento e louvanza ó poeta que fixo tan xurdo e esquisito regalo” (Tobío, Luís, “Un novo libro de Emilio Pita”, *Opinión Gallega*, 194, xaneiro-marzo de 1960, p. 8).

105 “Foi agasallado o poeta Emilio Pita”, *Opinión Gallega*, 192, agosto-outubro de 1959, p. 8.

106 “Galicia en Rosario. Conferencia de Emilio Pita (co patrocinio da Peña *Rosalía de Rosario*)”, *Opinión Gallega*, 195, abril-xuño de 1960, p. 8.

107 Pita, Emilio, “Panxoliñas de Nadal”, *Aquí...Galicia! Órgano de la Peña Cultural Galleguista Rosalía de Castro*, 1, abril de 1960, p. 3.

108 “Asociación Argentina de Hijos de Gallegos”, *Lugo. Vocero del Centro Lucense de Buenos Aires*, 201, marzo de 1960, p. 5.

109 “Jornadas Gallegas”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 514, xullo-agosto de 1960, p. 12.

6. INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA, ÚLTIMAS VIAXES Á TERRA E PASAMENTO

O vinte de novembro de 1961, o noso autor é proposto como académico correspondente da Real Academia Galega polos membros numerarios Sebastián Martínez Risco, Francisco Vales Villamarín e Leandro Carré Alvarellos. Entrementres non se resolvía o seu nomeamento e a petición de Lois Tobío, Pita redactaría o capítulo correspondente á música da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo¹¹⁰. Con motivo da publicación dos dous primeiros tomos deste proxecto, celebrouse no restaurante do Centro Lucense de Bos Aires unha cea en honra do seu mecenas, Manuel Puente, á que Pita acudiu xunto con outros persoeiros da colectividade galega como José Benito Abreira ou Villamarín Prieto¹¹¹. En agosto de 1963, unha vez avaliados os méritos que concorrían no noso autor, os académicos Antonio Iglesias Vilarelle, Antón Fraguas Fraguas e Isidro Parga Pondal dan o visto bo ao ingreso de Pita na Real Academia Galega. Un ano despois vía a luz *O ronsel verdegal*, primeiro volume do noso autor editado baixo o selo de Galaxia¹¹².

Por outra parte, na década dos sesenta a figura de Pita cobra certo ascendente no seo da Irmandade Galega, onde desempeña diversos postos, sen que isto empeza que sexa membro da Comisión de Cultura do Centro Galego bonaerense¹¹³ e participe regularmente nos actos auspiciados polo devandito Centro, ben como conferenciante¹¹⁴, ben como xurado dos moitos concursos que a institución antedita organiza¹¹⁵. Polo que se refire á súa traxectoria na Irmandade, o poeta coruñés formou parte da comisión de prensa conformada tamén por Manuel Pedreira, Bieito Cupeiro, Moisés da Presa, Ricardo Flores, Lois Guede e Bernaldo Souto¹¹⁶. Máis adiante resultaría elixido revisor de contas desta sociedade entre 1969 e 1970¹¹⁷. Ademais, o noso autor tomou parte en diversas conmemoracións patrocinadas pola Irmandade Galega, como a ofrenda floral perante a placa da Praza Castelao de Bos Aires celebrada o dezaioito de xaneiro de 1970¹¹⁸ ou a

110 Pita, Emilio, "Música e danza", en Otero Pedrayo, Ramón (dir.), *Historia de Galiza. Tomo I: O home, a Terra*, Bos Aires, Nós, 1962, pp. 763-777. Lois Tobío explicou así a incorporación de Pita ao proxecto: "Coma coidei que faltaba un capítulo encol da nosa música, pedínlle a Emilio Pita que me fixese un pequeno ensaio verbo delo e redactou un axeitado traballo que foi incorporado á obra" (Tobío, Lois, *As décadas de T.L.*, ob. cit., pp. 632-633).

111 "Cena en honor de D. Manuel Puente", *Lugo. Vocero del Centro Lucense de Buenos Aires*, 231, outubro de 1962, p. 3.

112 Luís Seoane saudou deste xeito a aparición do poemario: "O seu nome está xunguido ás mais importantes e desinteresadas tarefas de exaltación de Galicia desde hai mais de trinta anos e o seu prestixio como poeta está cimentado desde cause aproximadamente as mesmas datas. A súa poesía como non podía ser doutro xeito para quen esta arte, estivo sempre xungida á súa vocación pola música e pola canción popular e erudita de Galicia. É canción que nasce desde logo en Buenos Aires na emigración, dedicada á terra lonxana, e que resume o sentimento e o talento do poeta sen que ela destile amargura, senón aquela saudade de quen comprende que o destino o alonxou quizá para sempre da propia terra. Nos últimos poemas de «O ronsel verdegal», con citas referidas a bairros de Buenos Aires, San Telmo e Barracas, apenas se deixa perceber esa melancolía nos versos finais, pola discreción e o pudor do poeta ou sen converter en berro esa decepción vital que lle desgarrar o peito" (Seoane, Luís, "Emilio Pita", en *Galicia Emigrante. Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane [1954-1971]*, edición de Lino Braxe e Xavier Seoane, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, p. 377).

113 "Comisión de Cultura del Centro Gallego", *Orientación Gallega*, 8, decembro de 1962, p. 1.

114 "Día das Letras Galegas", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 549, maio-xuño de 1966, s.p.

115 "Gran Acto Cultural en el Centro Gallego", *Orientación Gallega*, 17, outubro de 1963, p. 1 ou "Estraordinario éisito do Concurso de Coros Galegos e Muíñeira", *Correo de Galicia*, 28, 20-XI-1966, p. 8.

116 "Comisión de prensa", *A Nosa Terra*, 505, xullo de 1963, p. 4.

117 "Renova a súa directiva Irmandade Galega", *Correo de Galicia*, 78, 30-I-1969, p. 4 e "Irmandade Galega escolleu novas autoridades", *A Nosa Terra*, 511, maio-xuño de 1969, p. 3.

118 Pódese consultar un testemuño fotográfico do acto no volume *A Galiza de Alén Mar* de Bieito Cupeiro Vázquez, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1989, s.p.

homenaxe dispensada ao poeta e musicólogo Manuel Prieto Marcos en xuño dese mesmo ano, acto no cal ditou unha conferencia que alternou con interpretacións musicais do homenaxeado en compañía de Fernando Iglesias *Tacholas* e Ana Marzoa¹¹⁹.

Ben que fixara a súa residencia definitiva en Bos Aires en 1971¹²⁰, o noso autor realiza entón (non un ano antes como expón Maceira Fernández¹²¹) unha nova visita a Galicia, feito ignorado pola maioría dos intelectuais da Terra consonte acreditan Alonso Montero¹²² e Luís Seoane¹²³. Os últimos anos de Emilio Pita transcorreron sen que este participase na maioría dos actos significativos da colectividade galega por problemas de saúde. Así, en 1972 escusou a súa ausencia nas actividades conmemorativas do vixésimo noveno aniversario do Centro Lucense a través dunha nota¹²⁴, cando só dous anos antes fora un dos convidados loados polo seu entusiasmo e pola súa capacidade de traballo¹²⁵. A publicación do facsímile de *Jacobusland* na Terra ese mesmo ano por Edicións do Castro foi acollida con alborozo polo noso autor e obtivo críticas moi favorables, por exemplo a que lle dedicou Vicente Luís Molinari¹²⁶.

Por outra banda, a intervención de Pita nunha homenaxe ao himno galego en compañía de Bieito Cupeiro e Gumersindo Sobrado o vinte e tres de abril de 1973 foi moi aplaudida pola prensa galega de Bos Aires¹²⁷. Polo diálogo epistolar mantido entre Luís Seoane e Francisco Fernández del Riego sabemos que en xuño de 1974 Seoane lle comunicou a Pita que *Serán*, a que sería a súa derradeira obra, ía ser publicada por Galaxia, o que constituíu unha grande alegría para o escritor coruñés, moi avellentado por unha arteriosclerose bastante avanzada¹²⁸. O orixinal fora enviado a Galicia tres anos antes, algo que inferimos da correspondencia que mantiñan Seoane e Fernández del Riego¹²⁹. No entanto, a enfermidade non lle impediu a Pita aliñarse entre os integrantes da comisión de honra da conmemoración do vixésimo quinto aniversario do pasamento de Castela, xunto a outras personalidades galegas do exilio como Luís Seoane, Alberto Vilanova ou Rodolfo Prada. Posiblemente en 1975 se desprazase novamente a Galicia, na

119 “Manuel Prieto Marcos, músico y poeta, será recordado por la Irmandade Gallega”, *Correo de Galicia*, 111, 15-VI-1970, p. 3 e “Habla Emilio Pita sobre Prieto Marcos”, *Correo de Galicia*, 112, 30-VI-1970, p. 8.

120 Pita figura como residente en Bos Aires nunha carta enviada por Luís Seoane a Victoria Armesto o oito de xuño de 1971, a cal foi reproducida no volume *Los hijos cautivos de Breogán*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1986, s.p.

121 No “Prólogo” ao volume erroneamente atribuído a Pita *Polos camiños do pobo* (1963), Maceira Fernández basea a presenza do escritor herculino en Galicia durante ese ano nunha colaboración inserida no número conmemorativo do cincuentenario de Nós. *Boletín mensual da cultura galega* (Pita, Emilio, *Polos camiños do pobo* [1963], edición de Xosé Manuel Maceira Fernández, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1999, p. 14), que supón publicado en 1970. Porén, convén sinalar que a saída do susodito número non tivo lugar ata 1972, ano en que se fixo efectivo o depósito legal da publicación (vid. Plíñeiro), R[amón], “Cincuentenario de Nós”, *Grial. Revista galega de cultura*, 36, abril-xuño de 1972, p. 246), o que explica que a sinatura de Pita se atope no volume conmemorativo, posto que tería redactado o texto durante a súa estada na Terra en 1971; de aí precisamente as circunstancias autobiográficas das que Pita deixa constancia na súa colaboración.

122 Alonso Montero, Xesús, “Cinco escolios para un libro de versos”, en Pita, Emilio, *Jacobusland*, edición facsimilar, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1972, p. IX. O limiar de Alonso Montero pódese consultar tamén nunha das colectáneas deste intelectual vigués: *Lengua, literatura e sociedade en Galicia*, Madrid, Akal, 1977, pp. 238-241.

123 Fernández del Riego, Francisco, *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2002, p. 167. Seoane tamén comentou a presenza de Pita na Terra nas páxinas do diario herculino *La Voz de Galicia* (Seoane, Luís, “Figuracións. Emilio Pita”, *La Voz de Galicia*, 3-X-1971).

124 “Actos del 29º aniversario del Centro Lucense”, *Lugo. Vocero del Centro Lucense de Buenos Aires*, 342-343, xaneiro-febreiro de 1972, p. 1.

125 “27º aniversario del Centro Lucense”, *Lugo. Vocero del Centro Lucense de Buenos Aires*, 318-319, xaneiro-febreiro de 1970, p. 1.

126 M[olinari], V[icente] L[uis], “*Jacobusland*, por Emilio Pita”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, 589, novembro-décembro de 1972, p. 68.

127 “Solemne Homenaje al Himno Gallego”, *Correo de Galicia*, 166, 15-V-1973, p. 15.

128 Fernández del Riego, Francisco, *Luis Seoane desde a memoria*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, p. 82.

129 Fernández del Riego, Francisco, *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, ob. cit., p. 165.

que sería a súa derradeira visita á Terra¹³⁰. Ao seu regreso, Pita retoma a serie de prosas “A terra meniña”¹³¹, un proxecto con tinturas autobiográficas iniciado na década anterior¹³².

A finais de novembro de 1981, o estado de saúde de Pita empeora por mor de complicacións cardiorrespiratorias¹³³, o que motiva o seu ingreso no complexo asistencial do Centro Galego de Bos Aires. Alí falecerá o sete de decembro, arroupado no fatal desenlace pola súa dona e os fillos. Ao día seguinte, o corpo do poeta herculino foi trasladado ao panteón que o Centro Galego posuía no cemiterio da Chacarita¹³⁴. A noticia do pasamento de Pita espallouse pola prensa de ambas as beiras do Atlántico, que lamentou con toda xustiza a perda dunha das personalidades culturais galegas máis activas do seu tempo¹³⁵. Emporiso, a poucos semellou interesar o feito de que en 1994 Abelardo Linares, propietario da editorial e librería *Renacimiento*, trouxera desde Bos Aires a Sevilla milleiros de libros pertencentes á biblioteca persoal do noso autor, entre eles primeiras edicións das obras de Rosalía, Curros ou Pondal¹³⁶. Lamentablemente, os volumes vendéronse a diferentes entidades e particulares, fragmentando un legado persoal e material de valor incalculable para a cultura galega.

En conclusión, a obra de Emilio Pita, tanto polo número de colaboracións como polo número de publicacións que acolleron a súa sinatura, e mais a continua participación deste escritor en actividades de difusión da lingua e da cultura galegas agardan aínda a atención que faga xustiza á continuidade dun labor desenvolto ao longo de seis décadas entre Galicia e América. Confiamos en que no futuro a sociedade galega recoñeza este autor a través dun Día das Letras Galegas que o devolva á actualidade, celebración que incidiría na moi necesaria recuperación da memoria da emigración e do exilio.

130 Fernández Santander, Carlos, “Emilio Pita, polos camiños do pobo”, en *El exilio gallego de la Guerra Civil*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2002, p. 409. Da dita visita achega Maceira Fernández na súa edición do libro atribuído a Pita *Polos camiños...* varios testemuños fotográficos. Nós puxémonos en contacto no ano 2002 con Xil Ares, técnico da Área de Cultura do concello mindoniense, quen revisou o censo en busca dos parentes políticos de Emilio Pita por parte do sogro deste, Fernando Lorenzo Rico. Ende mal, esa procura non nos achegou resultados positivos, xa que semella que esa póla da familia de Pita esmoreceu sen deixar gromos.

131 Pita, Emilio, “A terra meniña”, *Correo de Galicia*, 192, 15-V-1975, p. 2.

132 Pita, Emilio, “A terra meniña. O pranto”, *Aquí... Galicia! Órgano de la Peña Cultural Galleguista Rosalía de Castro*, 7, xullo de 1962, p. 1. Respecto doutro texto da mencionada serie

133 “Los restos de Antón Alonso Ríos serán trasladados al panteón del Centro Gallego de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, 11-XII-1981, p. 42.

134 “El poeta Emilio Pita Robelo falleció en Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, 8-XII-1981, p. 61.

135 Vid. “Emilio Pita marchou por un longo roncel”, *Galicia. Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas*, 1477, decembro de 1981, p. 12, “Notas”, *Grial. Revista galega de cultura*, 75, xaneiro-marzo de 1982, p. 127 e “Emilio Pita, su fallecimiento”, *Mundo Gallego*, 11, agosto de 1982, pp. 23-24.

136 Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración III*, ob. cit., p. 117 e Pociña, Andrés, *Galicia e Granada. Deus cabos dum eixo espiritual*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1998, pp. 262-263.